

# ÓRBITA

I.E.S. RIBEIRA DO LOURO

NÚMERO 5 XUÑO 2002

## SUMARIO

NOVAS 2

TRADICIÓN ORAL 4

Cantigas

Lendas

Refráns

Crenzas

Remedios

CREACIÓN LITERARIA 15

OPINIÓN 16

## EDITORIAL

As formas de expresións populares e tradicionais que inclúen, entre outras: As linguas, a literatura oral, a música, a danza, os xogos e brinquedos, a mitoloxía, os ritos, a indumentaria, a práctica do artesanado, a arquitectura e outras artes, para além das formas tradicionais de comunicación e de información.forman parte de espacios culturais que deben ser recuperados segundo a UNESCO.

O proxecto da UNESCO apunta a alentar aos gobernos, ONG's e ás comunidades locais para emprender accións de identificación, de preservación e de valorización do seu patrimonio oral e intangible. Tamén se fomentarán as contribucións de individuos, grupos e institucións na xestión e preservación deste patrimonio.

Defíñese, deste modo, o patrimonio intangible, como: "*O conxunto de formas de cultura*

*tradicional e popular ou folclórica, é dicir, as obras colectivas que emanen dunha cultura e se basean na tradición. Estas tradicións son transmitidas oralmente ou mediante xestos e modifícanse co transcurso do tempo a través dun proceso de recreación colectiva.*

*Inclúense nelas as tradicións orais, os costumes, as linguas, a música, as danzas, os rituais, as festas, a medicina tradicional e a farmacopea, as artes culinarias e todas as habilidades especiais relacionadas cos aspectos materiais da cultura, tales como as ferramentas e o hábitat".*

Esta PROPOSTA da UNESCO, recollida na última edición de "Ponte nas Ondas" propiciou no noso instituto un traballo de recollida de coplas, cantigas, ditos, lendas, refráns, a medicina tradicional e a farmacopea, costumes...do val da Louriña. Este traballo achegámossolo hoxe como mostra dun labor moi meritorio por parte dos rapaces e rapazas que interviñeron nel.

Con este traballo participaron nun concurso de recollida de tradición oral que promoveu o Consello da Cultura Galega na súa páxina web [culturagalega.org](http://culturagalega.org). A través desta páxina, o músico, Xosé Ramón Paz Antón, membro do grupo Nalúa interesouse polo material recollido para formar parte dun proxecto sobre a música popular na Louriña.

Agradecémoslles aos alumnos e alumnas a súa participación neste atractivo proxecto e animámosvos a todos e todas a preservar o noso patrimonio porque di que somos no mundo e porque se non nos preocupamos del corre gravísimos riscos de desaparecer.

<http://edu.xunta.es/centros/iesribeiradolouro>

## FALA, NON CALES

O día 16 de maio os alumnos e alumnas de 3º de ESO, algúns profes e unhas nais participamos no Correlingua 2002.

Pero, ¿que é o correlingua? É unha carreira de carácter lúdico-educativa que convida á mocidade e aos centros de ensino a participar nun acto reivindicativo: polo dereito a medrar en galego e de usar a nosa lingua de maneira efectiva para garantir o seu futuro.

Se queres saber máis podes entrar en <http://www.correlingua.org>

## CIBERLINGUA

Os días 10 e 11 de abril alumn@s de 4º de ESO participaron no Ciberlingua desenvolvido en Vigo.

¿Que é Ciberlingua? É un proxecto de normalización lingüística no ámbito social e educativo que pretende popularizar, dende o noso idioma, o uso das tecnoloxías da información e da comunicación nas comunidades educativas.

Ciberlingua pretende fomentar o uso da Rede dentro dun sector chave como é o educativo; pretende ser unha motivación para que xurda unha masa crítica na nosa sociedade que, nun futuro, poida crear contido feito en Galicia e en galego.

Despois de facilitarnos a información sobre Ciberlingua e de chatear entre nós, tiñamos que participar nos concursos, que nos facían preguntas sobre a historia, xeografía, costumes, deportes, tradicións, literatura e lingua de Galicia.

Xa feitos os concursos, sumábanse os puntos e cada un, o que máis puntos tivese era agasallado cunhas horas de internet gratis.

Agasalláronnos cunha guía de recursos na que se escolman webs galegos polos que podemos navegar e un CD-ROM con software en galego

Foi unha saída diferente e algo entretida para algúns, ¡porque outros/as se aburrieron!

Podedes atopar más información en <http://www.galego21.org>

## CON FINA CASALDERREY

O día 7 de maio deseño tivemos o pracer de recibir no I.E.S. Ribeira do Louro” a escritora galega Fina Casalderrey.

Durante aproximadamente dúas horas tentou explicarnos en que consiste o seu traballo como escritora, é dicir, en que consiste a literatura.

Para que entendesemos leunos un fermoso poema no que a comparaba coa chuva, e co que pudemos sobreentender que a literatura, independentemente do lugar no que nos atopemos, é sempre igual.

Tamén nos falou das súas afeccións, e tivémo-la oportunidade de formularlle algunha que outra pregunta.

Cando se lle preguntou con cal dos seus libros se quedaría, rompeu co habitual de decir que a tódolos libros se lles quería como se fosen fillos, e decantouse polo libro “O estanque dos parrulos pobres”, do cal confesou que tiña algo de biográfico, e que tódalas súas obras se basean na realidade.

Sobre o seu momento preferido para escribir, afirmou que prefire facelo polas mañás, tranquilamente e co tempo necesario.

Tamén dixo que o mellor para asegurarse de que escribiu un bo libro é deixar pasa-lo tempo unha vez rematado, e volvelo ler para corrixir algunas pequenas cousas coas que ela non se sinta cómoda, ata que se identifica por completo coas personaxes.

Logo explicounos que comezou escribindo pequenas obras de teatro, sen soñar sequera con que algún día foran publicadas, e que a primeira novela que escribiu foi “A noite de Caroides”.

Como curiosidade, contounos que sempre escribe en galego, e que é a editorial quen logo traduce os seus libros a outras linguas como o castelán e o catalán.

Para rematar, falounos do seu último libro publicado, titulado “A máscara de Palma”, e despediuuse de todos nós facendo gala de novo da súa simpatía.

Pola nosa parte, nós agradecémoslle que estivera connosco e que nos fixera pasar un bo rato, sen deixar de aprender cousas interesantes.

Aurora Ballesteros Fernández, 2º B

**SAÍDA Á CORUÑA**

**EXPOSICIÓN DO DESEÑADOR Verner Panton.**

Este ano, os alumnos de 4º da E.S.O, acompañados por a profe Mª Xosé visitaron unha exposición do deseñador Verner Panton.

Unha exposición pensada para as casas. Cadeiras, lámpadas, habitacións,...

Nada máis chegar á Coruña dirixímonos ó edificio onde se atopaba a exposición. Unha vez no edificio, dous monitores acompañáronos a unha sala onde nos explicaron un pouco como se pode deseñar. Durante a explicación amosáronos a seleccionar o material, facéndonos exemplos de cómo Verner Panton elaborou as súas creacións.

Rematada a charla tocábanos a nós crear segundo as explicacións. Cada un de nós tiña unha cartolina na que debía facer formas para a súa creación. As cadeiras que fixemos levámolas para aula de plástica, onde agora tamén hai unha exposición de cadeiras pero feita polos alumnos deste centro.

Ó acabar de deseñar as cadeiras dirixímonos a outra sala na que había como unha habitación toda chea de coxíns na cal podías entrar e probar todas as posturas para sentarte, máis arriba ou máis abaxo, dunha forma ou outra. Esta habitación era co que sempre soñara Panton, non era de estrañar porque unha vez que entrabas, gustábache tanto que daba pena saír.

Nas salas de abaxo miramos o resto da exposición. Cadeiras de formas e cores, así como lámpadas e moitos obxectos que ó miralos,a un éntranlle ganas de poñerse a deseñar.

Ó rematar a exposición déronos unha carpetiña e un grande póster de Panton onde aparecía a habitación que tanto nos gustara.

A exposición acabou un pouco antes do que pensábamos e como non tivemos recreo buscamos un sitio onde fixeran bocadillos e fixemos o noso recreo en Coruña

**OS PERIÓDICOS DO MUNDO**

Co gallo da semana da prensa na escola, o seminario de galego promoveu unha mostra de periódicos do mundo para achegar á comunidade educativa as diferentes maneiras de facer prensa e tamén facer reflexionar sobre as diferentes realidades lingüísticas do mundo.

A exposición contou con 110 periódicos de 45 países diferentes. Estes periódicos foron facilitados polas diferentes embaixadas con sé diplomática en España. Témossles que agradecer a súa amabilidade e disponibilidade.

Elaboramos á par da exposición interactiva, unha pequena ficha para que as alumnas e os alumnos se fixasen nos aspectos más salientables do periódico e á vez, coñecesen os diversos países.

Xa co alumnado de bacharelato fixemos unha reflexión sociolingüística: se as realidades lingüísticas dos diferentes países se oorrespondían coa lingua na que estaba escrito o periódico. A nosa conclusión foi que nestes países fálanse máis linguas das que se usan nos medios de comunicación. No caso de Malta e Suíza, as embaixadas nos enviaron periódicos en todas as linguas oficiais.

Se queredes coñecer as linguas do mundo podedes consultar este enderezo web <http://www.ethnologue.com>.

Tamén foi esta exposición unha boa maneira para achegarnos aos distintos alfabetos do mundo. Podedes atopar moita información en <http://www.proel.org>

O paxaro cando chove,  
o paxaro cando chove,  
mete o rabo na silveira,  
a si fai a boa moza  
cando non ai que na queira,  
cando non ai que na queira,  
ai lalelo, ai lalalo.

Miña sogra cando mexa,  
miña sogra cando mexa,  
sete muíños fai andare,  
carallo pa miña sogra  
que maneira de mexare.

O cura de Vijo é xastre,  
o cura de Vijo é xastre,  
o de Marín, mariñeiro,  
o de Ourense afiladore,  
e do Porriño zoqueiro.

As mociñas que hai ajora,  
as mociñas que hai ajora,  
non son unha que son todas,  
usan tres pares de medias,  
pa lucirse de pernas gordas.

As mociñas de Pontellas,  
as mociñas de Pontellas,  
non saben lavar un prato,  
pero as que hai en Torneiros,  
lavan un e rompen catro.

O cura que me casoue,  
o cura que me casoue,  
debia de estar borracho,  
nin sequera me mirou,  
se era femia ou era macho.

Pasei pola túa porta,  
pasei pola túa porta,  
e mirei polo ferrollo,  
a porca de túa irmánhe,  
meteume un pau polo ollo.

Miña nai deume unha tunda,  
miña nai deume unha tunda,  
co aro dunha peneira,  
¡teña verjónza mi madre!,  
que vén a xente da feira.

Miña nai deume unha tunda,  
miña nai deume unha tunda,  
coa manca da camisa,  
¡teña verjónza mi madre!  
que vén a xente da misa.

Miña nai e maila túa,  
miña nai e maila túa,  
quedan no río berrando,  
por culpa dunha jaliña,  
que tiña amores co teu jalo.

Dáme o que che pido nena,  
dáme o que che pido nena,  
dámolo que non é pecado,  
unha muxica de lume,  
pa prenderlle o meu cigarro.

As mociñas do Porriño,  
as mociñas do Porriño,  
esas si que son moi listas,  
en vez de tirarse o mare,  
tiranse ós sumarinistas.

E cálate vaite calando,  
e cálate vaite calando,  
cara de cabazo vello,  
pareces o noso porco,  
machicando no farelo.

Esta cantiga vai completada por outras moitas estrofas, que son imposible de recompilar todas xuntas xa que algunas son esquecidas e outras vanse engadindo segundo o momento, e a xente, xa que esta cantiga se utiliza tipo disputa entre un grupo de persoas nunha noite de parrandola.

Entre estrofa e estrofa cantase un estribillo que e o seguinte.

Polo río abajo vai,  
unha truita de pe,  
corre que te corre,  
que na puidera coller,  
que na puidera coller,  
que na puidera pillar,  
polo río abajo vai,  
unha troita a nadar

OU

Polo mar a baixo  
vai unha sartén,  
vai fritindo peixe  
a che saber ben,  
a che saber ben,  
a che saber ben,  
polo mar a baixo  
vai unha sartén

Un destes dous estribillos era intercalado entre as estrofas e íanse combinando para non facelo tan repetitivo

Leandro Barros Cancelas  
1º BACH. TECNOLÓXICO

Cantigas Tradicionais

A miña avoa e maila súa irmá cantáronme estas cantigas. Eu non as coñecía. Antes era usual cantar pequenos versos en forma de refráns como os seguintes:

Malo raio parta un raio  
que so meu cabalo matou  
se non fora o malo raio  
cabalo tiña eu.

Arco da vella sae daí  
que as mozas bonitas  
non son para ti.

Unha morena con gracia  
pode saír á rúa  
e unha branca sen ela  
que no na mire nadie.

Canta o galo xa é día  
canta o galo xa é hora  
érguete da cama María  
e bótame ese galo fora.

O reiseñor cando canta  
mete o rabo na silveira  
así fan as boas mozas  
cando non teñen quen as queira.

Mes de maio mes de maio  
mes da primavera  
cando os soldados inan  
xuntiños para a guerra  
uns cantan outros choran  
outros levan moita pena  
e un que iaxente no medio  
parecía unha madalena  
pregúntalle o capitán  
porque leva tanta pena  
se é por pai ou por nai  
ou por senté da súa terra  
non é por nai nin é por pai  
nin é por xente da miña terra  
é por unha mocinha  
que teñio gana de vela.

Chamáchesme moreniña  
no medio de tanta xente  
e agora quedoume  
moreniña para sempre  
chamáchesme moreniña  
era do polvo da eira  
algún dia me verás  
coma a rosa na roseira.  
Por aquí veño por aquí vou  
mariquitinha que estás facendo  
cuidadiño co meu bolíño

que non mo coma o ratiño.

Unha pera e dúas peras  
que son as que tiña a pereira  
unha era para o xastre  
e outra para a costureira.

A sandía no campo  
cando chove reverdece  
perdín un amar que tiña  
moi cerca e de repente.

Canta laranxa madura  
Canto limón polo chan  
Canta meniña bonita  
E ningunha na miña man.

Unha cantiga recollida por Nuria Iglesias Baz,  
de Budiño no Porriño

**CANTIGAS DE MUIÑEIRA**

**O muíño ceina, ceina  
bota fariña de rodá.**

**A filla do muíñeiro  
ten un andar que namora.**

**Onte a noite fun ó muíño.  
Nin muíño, nin muíñeis.  
Perdín a cinta do pelo  
iso foi o que ghanei.**

**O muíño de meu pai  
eu ben lle sei o temporo;  
cando está alto, baixa-lo  
cando está baixo, ergue-lo.**

**Informante: Rosa González Pérez  
Recollido por Tania Beltrán**

**A PORTA DA IGREXA:**

Moi poucas igrexas teñen a súa porta principal orientada cara onde sae o sol, normalmente téñena orientada hacia onde se pon. Pois ben a igrexa da miña parroquia é unha das poucas que a ten cara o leste. O patrón da nosa igrexa é San Xoán, conta a lenda que cando estaban construíndo a entrada da igrexa puxeron o santo no fondo e orientado cara a porta, e os traballadores foron para as súas casas a descansar. Cando apareceron o día seguinte atoparon unha sorpresa, o santo dera un xiro de 90º grados, quedando orientado cara o sol, polo que segundo conta a lenda decidiron abrir a porta polo lado contrario da igrexa e dicir cara o leste. Quen sabe se foi cousa de santos ou quizais algúns graciosos que aquela noite lle deu a volta ó santo. O caso é que a porta da igrexa ve o amencer de fronte cada mañá.

**Cándida Alonso Gil, 75 anos, pensionista Nacida en Cheanlo, O Porriño.**  
**Recollido en Chenlo Canadelo, O Porriño.**

## Cantigas populares da Louriña

A miña avoa cantoume estas cantigas. ela di que algunas letras varían segundo o lugar. Algunhas cantan as rivalidades entre as parroquias, iso de que as mozas dun lugar eran sempre as mellores...

O cantar das costureiras  
É cantar que nunca acaba:  
Como gastan moito fio  
botan coplas enfiadas.

Miña nai, miña naiciña  
Aprendeume a costureira;  
Vén a auga e non me mollo  
Vén o sol e non me queima.

¿Quen mos merca baratiños?  
Catro cousas nun real;  
Unha costureira, un xastre,  
Unha agulla e un dedal.

Este é o dedo neníño  
Este é o seu sobriño,  
Este é o maior de todos,  
Este é o fura de bolos,  
E este é o mata piollos.

Despois de san Benito  
Vén o señor San Campio,  
e para o cinco de agosto  
a moreniña do Castro .

Hei de ir a San Diego  
Queira ou non meu ben  
Nunha man unha veliña  
E na outra un caravel.

Chamáchesme moreniña  
Á vista de tanta xente  
E agora vaime quedare  
Moreniña para sempre  
¡ai lalelo, ai lalala  
ai lalelo, ai lalala!

Cando se oen cantar  
as campás do Rial  
volta de tempo vos hai.

Os de Mosende mataron o lobo  
Os de Pontellas comérono todo  
E os de Chenlo mandaron recado  
Que lles deixaran as tripas do rabo.

A que vai á Franqueira  
E dálle un nudo á xesteira  
Non volve alá solteira

O amor da costureira  
Era papel e mollouse  
E agora costureiriña  
O teu amor acabouse.

San Benitiño do Coto Redondo  
Hei de ir alá miña nai se non morro  
Hei de levar unha bota de viño  
E unha bola de pan do Porriño.

As mociñas de Pontellas  
Non é unha que son todas  
Poñen tres pares de medias  
Para face-las pernas gordas.

Quedaches de vir ás nove  
Viñeches ás nove e media  
Pensas que non é pecado,  
Enganar a unha morena.

Dáme un bico Maruxiña  
Que eu che darei un pataco  
Non quero bico de homes  
Que me feden a tabaco.

Unha vella por enriba  
Un soldado por debaixo  
E riase o condenado  
Porque lle vía o refaixo

Este queixo, queixolán  
Esta boca pide pan  
Este naris, narisete  
Este ollo de pizquite  
Toma, toma, carneirete.

Pepe, repepe,  
Camisa rachada  
Foi á cucíña  
Lambe-la pescada.

Lambeu e lambeu  
E nunca se encheu  
Subir ó canizo  
Echimpou un chourizo.

Manolo Pirolo matou a muller  
Con sete coitelos e un alfíller  
Levouna á feira a vender  
¿quen quere touciño da miña muller?.

A raíz de toxo verde  
É difícil de arrincare  
Carballos que nacen tortos  
Imposible endereitare

A silva que me picou  
Case inmóbil no chan queda;  
Dobreguei o seu carácter  
Cuns ramallazos de xesta.

Si vas a San Blas  
Traime un san Blasíño  
Que non sexa grande  
Nin moi pequeniño.

Costureiriña bonita  
No palacio vai cosere  
Na primeira escaleira  
Xa lle deron que facere

O gaiteiro de Lugo  
Foi tocar a Santa Marta  
E adormeceu polo camiño  
E os ratos roéronlle a gaita

Eu caseime por un ano  
Por saber que vida era  
O ano vai rematado  
¡solteiriña quen me dera!

Arrimeime a un pino verde  
Para ver se me consolaba  
E o piñeiro como era verde  
Se había de rir choraba.

O paxaro de María  
Anda nas miftas cereixas  
Come paxariño come  
Que hei de ver as que deixas.

Se queres que o carro cante  
Mollalle o eixe no río  
E cantará toda a tarde  
Coma un asubio

Estas si que son  
Follas de estralar  
Comer e beber  
E non traballar.

Vaite lavar porcona,  
vaite lavar  
se non che chega o río  
tirate ó mar.

Vai bailar Carmiña,  
Vai bailar Carmela  
Co zapato baixo  
E a media de seda  
De seda calada  
Vai bailar Carmiña  
Miña namorada.

**Cantigas recollidas por Sofía Alonso Calzado de Pontellas**

CANCIÓNS ANTIGAS:

Tu que vives junto al río,  
tu que recorres la flor,  
tu que tienes compromiso,  
dime que cosa es amor.

A tu puerta he de poner,  
un reloj de campanilla,  
para saber a que hora  
se acuesta el bien de mi vida.

Ó subir ós altos muros,  
a coller mercuriais,  
dicen que vale a riqueza,  
áinda a honra vale más.

Dicen que me has de dar,  
solimán para que yo muera.  
Solimán cómelo tú,  
que moriré cuando Dios quiera.

Unha noite de muíño,  
unha noite non é nada,  
unha semana enteira,  
esa si que é muiñada.

Dicen que non hai no mundo,  
nin no mundo nin na terra,  
dicen que non hai no mundo,  
Amor para ti doncella.

Se queres que o carro cante,  
bótalle o eixe no río.  
O eixe é de amieiro,  
canta como un asubio.

Vexo Vigo, vexo Vigo,  
tamén vexo Redondela,  
vexo a ponte de San Paio,  
camiño da miña terra.

Chámachelle ó meu cabelo,  
fio negro de coser,  
tamén lle eu chamo o teu,  
cadena de me prender.

Teño de subir ó alto,  
que no alto vexo ven,  
tamén vexo os meus amores,  
se me falan con alguén.

Manuel fixo unha fonte,  
e botoulle o bico de plata.  
As mozas non lla van ver,  
Manuel todo se mata.

Eu ben vin estar o moucho,  
a comer nun cacho de uvas.  
Vaite de ai moucho negro,  
desemparo das viúvas.

Pasei pola túa porta,  
abréis os ollos e vin,  
un letreiro que dicía,  
eu para ti non nacín.

Pasei pola túa porta,  
era no mes de Xaneiro,  
as espigas no canastro,  
eran hachas de piñeiro.

( Cando cantaban estas estrofas, entre unha é outra dician:

A saia da carolina  
ten un lagarto pintado,  
cando a carolina baila  
o lagarto dalle ó rabo.  
Bailaches carolina.  
Bailei si señor.  
Dime con quen bailaches  
bailei co meu amor... )

**Candida Alonso Gil, 75 anos, pensionista. Nacida en Chenlo, O Porriño.**  
**Recollida en Chenlo Canadelo, O Porriño.**

- Anda e non ten pés,  
come e non ten boca,  
canta comida lle dan,  
toda lle parece pouca.  
( *oñium O* )



- Nin é alma nin espírito,  
e chega ó monte e dá un grito.  
( *atepocse A* )

Campo branco, semente negra,  
cinco bois e unha chavella.  
( *amulp a e, nam a, atnit a,*  
*lepac O* ).

¿ Que é iso que  
ten pan no cu  
e merda na boca?  
( *onrof O* ).

Cantigas de Pousadela

Maria Antonia de Prado  
muller de muito diñeiro  
quen a axudou a casar  
foi o campo do Vieiro.

Maria Antonia de Prado  
encolghada nun salgheiro  
quen a namorou dela  
foi o campo do Vieiro.

Velai vai a Carrapata  
co seu manteliño ergido,  
vai axunta de Pedro Lambuzas  
que anda no campo do río.

Pontellas non é Pontellas,  
que é o segundo Brasil,  
quen me dera por Pontellas,  
que pasara o ferrocarril.

Manuel, Manueliño,  
Manuel cara de rosa,  
lévame os bois beber  
á fonte da Ramallosa.

Manuel, Manueliño,  
non bebas aghua de Noia,  
que te quedas apilado,  
non te vai querer a noiva.

As padeladas de noite  
non dan proveito a ninguén  
mandei a muller a ela  
e follaronma tamén.

As esfolladas de noite  
non dan proveito a ninguén  
mandei a muller a ela  
e follaronma tamén.

Alanriba non sei onde  
onde se vende a verdura  
hai unha moza bonita  
non a quere casar o cura.

Alanriba non sei onde  
enriba do campanario  
hai unha flor amarela  
de la Virgen del Rosario.

Naquela ventá hai luces  
alí se están deitando  
alí esta o ben da miña vida  
eu ando por aquí penando.

Retírate alá pa dentro  
rostro de malva de olor  
retírate alá pa dentro  
que tienes mal color.

Anque paso por aquí  
non paso por te mirar  
é camiño pasaxeiro  
non mo podes privar.

Aluméame luniña,  
aluméame lunar,  
aluméame luniña  
que me quero ir deitar.

Aquela custureiriña  
adormeceu na costura  
rolda-la, rolda-la ghuapo  
que ha de ser túa.

Hai unha estrela na noite  
que ghían ós mariñeiros  
e da media noite en diante  
ghían ós mozos solteiros.

Por esta calle se sona,  
dicen que non hai saída,  
para min ha de habela  
anque me custe a vida.

Por esta calle se sona  
que me han de matar a tiros,  
nunca chove como trona  
eu con esperanza vivo.

Ti teiste pola lúa  
eu téñome polo sol  
ti teiste por quen eres  
eu téñome por quen son.

Pino, rostro de caramelos  
alí están catro hermanitas  
as catro xunto ó abuelo.  
Pola mar te vexo ir  
pola mar te vexo andar  
pola mar te vexo ir  
espello do meu mirar.

Miña nai, miña naicifía,  
miña nai non teño outra  
unha mañá de xeada  
mandoume lavar a roupa.

Miña nai por me casar,  
ofreceume bois e vacas,  
e agora que me casei  
deume unha cunca de papas.

Miña nai por me casar,  
prometeume bois e vacas,  
e agora por non mas dar,  
deume unha cunca de papas.  
Tráe-lo sombreiro ghacho,  
tráe-lo ghacho, ghachón,  
tráe-lo sombreiro ghacho,  
a uso de maricón.

Tráe-lo sombreiro ghacho,  
tráe-lo ghacho, ghachón,  
tráe-lo sombreiro ghacho,  
a estilo de maricón.

Esperta nena se dormes  
nese soño tan profundo  
o teu lado están cantando  
as marabillas do mundo.

Case me doe a cabeza  
mi padre San Xulián,  
case me doe a cabe  
que me quere cair no chan.

Déixame subir o alto  
que do alto vexo ben,  
a mirar ós meus amores  
se se enredan con alghén.

Moreniña rasalada  
dime que te arrasalou  
arrasaloume miña nai  
co leite que me deu.

Fun ó muíño dabaixo  
dín volta polo derriba  
o debaixo tiña chave  
e o derriba caravilla.

De San Xoán a San Pedro  
quen quixer contar ben pode  
San Xoán é vintecatro  
San Pedro vintenove.

Teño que ir a Bos Aires,  
anque sea por un día,  
en que non traia diñeiro,  
sempre traio fantasía.

Teño que ir a Bos Aires,  
anque sea por un año,  
en que non traia diñeiro  
sempre serei americano.

Quen te me dera ir ver  
trinta días no mes,  
seis días na semana  
e un minuto cada vez.

Unha noite de muíño,  
unha noite non é nada,  
sete semanas arrer,  
esa si que é unha muíñada.  
Maruxiña dáme un bico  
que eu che darei un pataco  
non quero bicos dos homes  
que me feden a tabaco.

Maruxiña dáme un bico  
que eu che darei un abrazo  
non quero bicos dos homes  
que me feden a tabaco.

Maruxiña o teu refaixo  
bótalle un remendiño  
non llo botes amarelo  
bótallo color a viño.

¿DE onde veis María?  
Veño de lavar  
de lavar a roupa  
do meu militar.

Quedaches de vir viñeches  
corazón alimonado.  
Quedaches de vir viñeches  
non foches ó outro lado.

Mira Maruxiña, mira como veño,  
mira como veño, mira como veño,  
cunha borracheira que non me detefio,  
que non me detefio, que non me levanto,  
anda Maruxiña que é de viño branco.  
mira Maruxiña, mira como ando,  
anda Maruxiña que é de viño branco,  
que é de viño branco, que é de viño tinto,  
anda Maruxiña, mira como eu veño,  
cunha borracheira que non me detefio.

Hoxe ina dando un paseíño  
ina sola despaciño,  
máis mirando o espacio infinito  
que se me presentou  
unha floca nube, linda como o sol,  
a que contemplaba con muita emoción,  
porque a min ..NOHEMÍ.... se me presentou  
envolta na nube que xa se marchou.

Polo mar abajo vai  
unha raposa a correr  
corre que te corre  
quen a poidera coller.

Heime de casar en Chenlo  
que é terra de moito pan  
o forno de miña sogha  
cría silvas polo vrán.

Pasei pola túa porta  
picoume unha silveira  
se me volve a picar  
arde o eixo carballeira.

Moreniña dóenche os ollos,  
tamén che me doen os meus  
vainos lavar o río  
onde a truita lava os seus.

Que altiña vai a lúa  
que altiña vai meu querer  
non hai sol que cheghe a lúa  
como o noso ben querer.

Quen me dera casar en Chenlo  
terra de muito diñeiro  
as espighas de calustra  
eran achas de muito diñeiro.

Amor mío vienes tarde  
has dormido al sereno  
ábreme la puerta, abre,  
que eu ben sei que tarde eu veño.

Lévame no carro, leva  
carreiriño das uvas  
lévame no carro, leva  
comerei das más maduras.

Ven, ven Soleda  
a casa queda sola  
que a varrerá.

**Recollidas por Nohemí Romero Sanandrés, de Pousadela, Pontellas, no Porriño.**

#### CANDO OUVEAN OS CANS:

Hai xente que confirma que os cans e outros animais son capaces de ventar a morte, é dicir saben cando se lle achega a hora de morrer a unha persoa, que viva cerca. Non hai moi tempo morreu unha persoa da miña parroquia, aí polas sete da mañá. Pois segundo me contou meu primo o can do seu veciño que non está moi lonxe da casa do morto, botou toda aquela noite ouveando coma os lobos. Outro veciño tiña unha vaca, que a levaba a miúdo, a un pasto. De camiño atopábase unha casa abandonada había anos. Resulta que cando ia a morrer unha persoa proximamente, a vaca ó pasar por aquela casa asustábase e saltaba por enriba do dono se facía falla.  
¿Terán os animais un sexto sentido que lle diga que vai morrer unha persoa?

**Rosa Iglesias González, 40 anos, os seus labores Nacida en Chenlo, O Porriño.**

**A LUZ DUN ANXO:**

Contoume un veciño meu, que despois do anoitecer, unha vez cando regresaba para a súa casa, a cal estaba ó final dun camiño, divisou unha luz que ía como andando polo camiño abaxo. El como tiña uns nove anos asustouse e seguiuna dende lonxe, e foi vendo como aquela luz se achegaba á súa casa. Antes as casas non tiñan pechaduras como agora, senón que tiñan un picaporte, que facía bastante ruido ó abrirlo. Pois ben o rapaz escoitou como aquela luz abría o picaporte da súa casa e se metía nela. Asustado correu á casa da súa avoa que estaba moi preto de ali. Cando chegou á casa da súa avoa, co medo non podía falar, cando o conseguiu díxolle á súa avoa que un ladrón entrara na súa casa, que vira como unha luz se achegara á súa casa e como entrara nela. Ó escoitalo, foi a casa do rapaz, acompañada por este. Cando chegaron e abriron a porta, atoparon a nai do rapaz chorando cun neno recén nacido no colo. O bebé estaba morto.

A avoa do neno, que xa era maior contoulle que aquela luz que el vira cos seus propios ollos, non era ningún ladrón senón que era a luz dun anxiño que viñera minutos antes a buscar o espírito do seu irmán recén nacido.

**Modesto Quintas, 41 anos, canteiro. Nacido en Vilas, Gondomar.**

**Recollido en Chenlo Canadelo, O Porriño.**

**A SANTA INQUISICIÓN**

Dise que son un grupo de persoas que teñen relación coa igrexa, sobre todo curas, estes tiñan a xente para ir polas casas e coller a outra xente que non ía a misa, non era relixioso, ou se algún veciño queríate mal, avisaban á Santa Inquisición e viñante buscar a casa, petaban na porta, e o de casa dicía:

- ¿Quen é?
- A Santa Inquisición.

E levaban a persoas e xa non aparecía máis, dise que había varias formas para matar, unha delas era que metían á persoas nun cuarto moi estreito de onde non se pode mover, totalmente paralizado e caíalle unha ghota de aghua na cabeza ata que morría.

**Nohemí Romero Sanandrés**

**O ENTERRADOR:**

Contoume miña avoa que existiu un enterrador hai moitos anos, o cal despois de enterrar un defunto, o moi pillabán ía pola noite a roubarlle as cousas de valor os mortos. Antes os mortos enterrábanse con traxes moi bos e caros, as veces tamén se lle metía cartos no caixón. Levaban con eles para a tumba dentes, aneles e cadeas de ouro e prata. Eran estas cousas as que espertaban a cobiza nos enterradores. O home que xa estaba preparado, levaba con el unha estaca, desenterraba ó morto poñiaa de pe, arrimado contra algo, e metíalle a estaca entre os brazos de maneira que lle quedaban os brazos abertos e podiase espir facilmente.

Resulta que unha noite estando este home na faena a estaca soltouse e os brazos do morto volveron a súa posición inicial.

O día seguinte atoparon o enterrador, morto no chan agarrado polos brazos dunha persoa defunta recentemente. O caerle a estaca dos brazos do morto, estes cerráronse agarrando o enterrador no acto e como non debe de ser moi agradable que te abrace un morto, o pobre enterrador morreu do susto.

**Cándida Alonso Gil, pensionista Nacida en Chenlo, O Porriño.**

**Recollido en Chenlo Canadelo, O Porriño.**

Contáronme outro caso no que un enterrador deixou mal enterrado un defunto por vía de que este tiña un anel de ouro. Mais tarde desenterroulo e dispúxose a cortarlle o dedo do morto, cando llo cortou o morto espertou. Enterraran o home vivo.

**Cándida Alonso Gil, 75 anos, pensionista Nacida en Chenlo, O Porriño.**

**Recollido en Chenlo Canadelo, O Porriño.**

Unha vez unha meniña enfermou, e cada día poñíase peor, entón os pais recorren a un feixe de médicos, ós cales non solucionaron nada. Foi entón cando foron a unha bruxa branca, e esta dixolle que era mal de olllo, que a veciña posuía unha prenda de roupa da meniña e lle estaba facendo moito mal. Entón os pais descubrironlle a veciña unha saba do berce da nena, quitáronlla e a meniña púxose ben.

**Rosa Iglesias González, 40 anos, os seus labores Nacida en Chenlo, O Porriño.**

**Recollida en Chenlo Canadelo, O Porriño.**

**CRUCEIROS**

Antes nos cruces, cando había catro ou tres camiños díciase que era unha encrucillada. En cada cruce había un cruceiro. Cando morría alghén, indo de camiño ó cemiterio co ataúde á ombros, parábase nos cruces, púñase o ataúde diante do cruceiro nunhas cadeiras e rezábbase.

E cada vez que alguén pasaba polos cruceiros tiña que rezar, rezaba un padrenuestro ou unha oración que empezaba así:

Adorámose Cristo,  
bendecímoste reino

**Nohemí Romero Sanandrés**

NOITE DE SAN XOÁN:

A noite de San Xoán é algo mítico, dentro de Galicia. É a do día 24 de xuño, e é característica por ser a noite más curta do ano.

O lugar onde se celebran as verbenas parroquiais, recibe o nome de torreiro, pois ben, contan que esa noite se xuntan as bruxas no torreiro e se peitean co peite do liño. O peite do liño era un aparello grande que utilizaban antigamente as avoas para limpar e lisar o liño, antes de fialo.

Na nosa parroquia a iso das once e media xúntanse á maioria dos veciños e comen as sardiñas con pan de millo e beben viño. As doce en punto da noite préndeselle lume a gran fogueira, constituída por un gran pao no centro, un boneco na punta do pao, e o redor broza do monte, e deixase arder ata que se apaga.

A unha ou ás dúasduas da madrugada xúntanse os mozos da parroquia e van a collerlle os carros das vacas as casas das mozas. A aparición dos tractores e os motocultores levou a desaparición dos carros, polo que ultimamente se colle o que aparece a man, cousas como carretillas, cancelos, portais, plantas...

Esta tradición ten o seu resgo, posto que hai xente que non sabe levar a broma e prepara cartuchos con sal, e cando aparecen os seguidores da tradición a polo seu cancelo non dubidan en disparar contra eles. Se che dan un tiro de sal nunha perna ou nun brazo esta acabara collendo caraqueña ou ludrindo, polo que acabarán cortándochas, así que non é tan bonito nin tan doado como parece. Outras veces saen os donos das propiedades detrás túa polo que hai que correr, nestas carreiras caese de grandes balados e a miúdo pártese pernas, brazos, etc.

Algúns anos cóllennle animais a xente, por exemplo un burro, o animal é atado a corda da campá e bótannle un feixe de herba, cada vez que o animal agacha a cabeza para comer herba da unha badalada na campá, e así toda a noite ata o amencer, que o dono vai en busca do seu animal.

Na noite de San Xoán as avoas deixan ó resío da noite herbas como fentas, troques, tromentelo, herba Luísa, loureiro, herba da nosa señora, etc. O amencer recóllense e gárdanse. Estas herbas traen boa sorte e teñen propiedades curativas.

**Cándida Alonso Gil, 75 anos, pensionista Nacida en Chenlo, O Porriño.**

**Recollido en Chenlo Canadelo, O Porriño.**

A Casa da Quinta do Agro

Esta narración recollida por Xosé Ángel Maceira Alfaya de Pontellas, O Porriño, conta a historia de esta casa que pertencia a membros da Inquisición. E servía para torturar á xente.

Segundo miña avoa, hai no meu pobo unha lenda que conta que nun monte que está ó carón da súa casa chamado "A quinta" hai enterrada unha campá de gran valor. Fora enterrada polos romanos nunha mina de auga para que ninguén a roubara ata que a Igrexa estivera terminada. Pero esas campás nunca máis serían vistas xa que, un día chovera tanto que a mina se derrubou enterrando a campá. E desde hai xa tempo, nunha fonte que hai supostamente ó carón desta mina, pódese escutar un lixeiro tingladiño que procede do fondo, producido polo choque de pedrías arrastradas pola auga coa campá.

Neste mesmo monte hai outra lenda que non o é tanto xa que hai unha serie de probas que o demostran. Na quinta hai unha casa que pertencera á Inquisición ou a membros desta ou algo así. E dixome miña avoa que alí mataban á xente mala e retorcida facéndoa sufrir. Había tres maneiras de tortura .Segundo o grao de maldade tocáballe un tipo ou outro de tortura: para a xente más ou menos mala, torturábanos facéndolle cóxegas nos pés e nas axilas con plumas de gallo ou galiña. Para a xente mala, o que lles facían era que os somerxián nunha especie de tixola chea de aceite fervendo para que estes morreren queimados.E xa para a xente retorcida e malísima, facían dun modo que a min non me parece tanta cousa, e o que facían era atar a unha persoa de pé e despois deixábanlle caer unha pinga de auga continuamente. Segundo quen mo contou di que estes morrían de desesperación.

Ao principio digo que non é tan lenda porque a casa existe,o meu veciño contoume que viu cando era pequeno,que nesa casa onde agora hai unha corte había unhas cadeas e que do teito colgaba un arame que serviría para conducir a pinga. E outra proba é que está mesma historia contouma un veciño, unha veciña , miña avoa e meu pai , que lla contara o seu avó

MAL DE OLLO:

Cando unha persoa ten boa sorte, moito diñeiro, uns fillos moi sans, e unha serie de cousas boas, esperta nalgunhas persoas, normalmente veciños, unha cobiza terrible. Nalgúns casos estes envexosos son capaces de facer maxia negra, que é a maxia que se utiliza para facerlle mal a xente. Un envexoso aproveita que o agraciado se dea a volta, entón fai un xogo cos ollos. Se este ten poder, cumprirase o que pida, normalmente que lle enfermen os fillos, que se volvan pobres, que o agraciado se corte cun fouciño, etc.

Cando ocorre un mal de ollo, a persoa afectada ten que recorrer a unha bruxa branca que é a que practica maxia branca, a maxia branca é a do ben. Esta bruxa intentará curala.

**Cándida Alonso Gil, 75 anos, pensionista  
Nacida en Chenlo, O Porriño.  
Recollido en Chenlo Canadelo, O Porriño.**

XUÑO 2002

## REFRÁNS

## HOMES E MULLERES

- ▶ O home é palla, a muller estopa, vén o demo e sopra.
- ▶ - O home propón, Deus dispón e a muller descompón.
- ▶ Cando trona arrímate á túa sogra, que non hai chispa que a parta.
- ▶ O que ten unha muller boa e a perde, non sabe o que gaña.
- ▶ Cada ovella, coa súa parella.
- ▶ Os fillos da miña filla, eses meus netiños son, e os fillos do meu fillo, serán ou non.
- ▶ O que case unha filla gaña un fillo, e o que case un fillo perde un fillo.
- ▶ Cando a raposa anda ós grilos, malo polo pai, e peor polos fillos.
- ▶ Muller, viño e tabaco poñen o home fraco.

## ANIMAIS

- ▶ Quen ten burro e anda a pé, máis burro é.
- ▶ O home e o can, van onde llo dan.
- ▶ Ó can fraco, todo son pulgas.
- ▶ Se che traba un alacrán, chama ó sanxistán.
- ▶ A cada porquiño lle chega o seu San Martiño.
- ▶ Gato escaldado, ata da auga fría foxe.
- ▶ A raposa cambia de pelo, pero non de maña.
- ▶ Non hai sardiña que non teña espíña.

## DE DEUS

- ▶ Co mazo dando e Deus rogando.
- ▶ O que madruga Deus o axuda.

## DE IDADES

- ▶ O carballo hai que endereitalo de pequeno, que de grande non es capaz.
- ▶ Xente nova e leña verde, todo é fume.
- ▶ O que con rapaces se deita, mexado se levanta.
- ▶ En maio, inda a vella queima o tallo.
- ▶ Do vello, o consello.

## DE TRABALLOS

- ▶ O que queira pan, logo llo dan.
- ▶ Na casa do ferreiro, coitelos de pao.
- ▶ Costureira sen dedal, cose pouco e iso mal.

## DE PARTES DO CORPO

- ▶ Os ollos son os espellos da alma.
- ▶ Unha man lava á outra e dúas lavan a cara.

## DATAS

- ▶ Día de San Silvestre, 31 de decembro, o allo nin nacido nin na restra.
- ▶ En San Martiño, mata o porco e zapa o viño.
- ▶ Xullo arder, patacas collar.
- ▶ Marzo chegar, tempo de enxestar.
- ▶ O primeiro de abril, van os burros onde non deben ir.
- ▶ Outono quente, inverno doente.
- ▶ San Miguel das uvas, moito tardas e pouco duras.
- ▶ No abril, trémelle ó boi o cadril.
- ▶ Pola Candeloura, se chove, inverno fóra; se ri, inverno si; se non ri nin chora, nin dentro nin fóra.
- ▶ Un sábado a chover é como un borracho a beber.
- ▶ Se chove en San Xoán, tolle o viño e non dá pan.

## CONSELLOS

- ▶ O lume á beira da estopa, vén o demo e sopra.
- ▶ Máis vale tarde ca nunca.
- ▶ Máis vale maña ca forza.
- ▶ Non hai mal que por ben non veña.
- ▶ Moito e ben, non hai quen.
- ▶ Máis vale bo coñecido, que malo por coñecer.
- ▶ Máis vale ter que desexar.
- ▶ Máis vale prever que laiar.
- ▶ A bo xuiz, non hai mala testemuña.
- ▶ O que ten tenda que a atenda, senón que a venda.
- ▶ Da arbore caída, todo mundo fai leña.
- ▶ Seica, o din, o disque e o dixerón son catro irmáns.
- ▶ Sementa vento e recollerás tempestades.
- ▶ Fai o ben, e non mires a quen.
- ▶ Dime con quen andas, e direiche quen es.
- ▶ Quen mal anda mal acaba.
- ▶ É mellor ter un estripeiro á porta ca un mal veciño.
- ▶ O inimigo que foxe, ponte de prata.
- ▶ Cando as barbas do teu veciño vexas pelar, bota as túas a remollar.
- ▶ O rumor é a antesala da noticia.
- ▶ Pan con fortuna e viño con mesura

Recollidos por  
Nohemí Romero Sanandrés

## AS CORNETADAS

As cornetadas soíanse facer cando unha muller andaba ou ía casar cun divorciado ou viúvo. Os mozos ían unha noite a casa dela e púñanse alí a cantar unhas coplas e a tocar a corneta, que é un corno dun animal, ata que a muller accedia a negociar, ela dáballe dñeiro ou pagáballes un gaiteiro para que fixesen unha festa. Unha daquelas coplas é esta:

Agora fancha,  
agora lévala,  
mais ha de ser sonada,  
quen vai de padricador  
Don Jeneroso Parada  
por non pagar  
un ghaiteiro  
de 25 pesetas  
levas unha cornetada  
de 300 mil puñetas.

## DITO TRADICIONAL

Miña avoa conta que se unha persoa é enterrada nun domingo, morre outra persoa nos días seguintes, xa que din que a persoa que se enterra no domingo é de corpo aberto, iso significa que outra persoa ten que caer na morte.

## AS HERBAS DE SAN XOÁN

A vispra de San Xoán vaise coller por aí un tipo de herbas: poexos, tromentelo, herba de Nuestro Señor, manzanilla brava, troques, esplieghe, xarxa, bortelan, romeo, ruda,... poñentes a serenar e logo gardábanas, para logo utilizaras como por exemplo para facer desafumadoiros.

Algunhas dasas herbas como os poexos, tromestelo, herba de Nuestro Señor e manzanilla brava, pónense a serenar nunha tina de auga toda a noite de San Xoán para pola mañá cando nos levantemos antes de que saia o sol, lavarnos con esa auga, que din que é bo lavarse con ela.

## O GHUEVO NA NOITE DE SAN XOÁN


Na noite de San Xoán tamén se puña unha clara dun ghuevo nun vaso e púñase a serenar toda a noite e pola mañá antes de nacer o sol había que ir mirar e se che saía un caixón é que ías morrer e se che saía unha igrexa é que ías casar.

## MARÍA DO LOPES

Maria do Lopes  
estaba na cama  
dáballe o sol  
por unha ventana  
chamou polo cura  
para que lle dera unha untada  
E o cura como era santo  
arrimou o cu a un banco.  
Hai vai María do Lopes  
A cabalo dun faquinoques.

### TRABALINGUAS

Fun ó monte de Finfirinfonte,  
matei un coello de finfirinfello  
de perna cortella.  
Leveino a casa,  
púxeno no armario de finfirinfallo,  
veume o ghato de finfirinfallo  
comeume o coello de finfirinfello,  
míe matei no monte de Finfirinfonte



## REMEDIOS

Antes as persoas utilizaban remedios caseiros para a cura das enfermidades como por exemplo as seguintes:

- ⌚ -A planta do romeo e do eucalipto utilizábanse para desinfectar as feridas e para facer vaos contra o catarro.
- ⌚ -A herba luísa fervida servía para as dores menstruais.
- ⌚ -As follas do limoeiro fervidas usábanse para baixar a febre.
- ⌚ -A barbela do millo fervida era boa para os cólicos de ril.
- ⌚ -O oliveira e a raíz da ortiga é boa para a circulación do sangue e tamén para a tensión.
- ⌚ -A clara de ovo é moi boa para as queimaduras.
- ⌚ -O mel con limón usábase para as dores de gorxa.
- ⌚ -Tomábase a auga de allo para as lombrigas.
- ⌚ -Tomar anís (fiúncho) é bo para os gases.
- ⌚ -A árnica tamén era utilizada para curar as feridas e os golpes.
- ⌚ -A camomila servía de tónico para o estómago.
- ⌚ -A canela co leite fervido era moi bo para curar a afonía.
- ⌚ -O couxelo era utilizado para a boa circulación das mans.
- ⌚ -A malva era boa para as almorráis.
- ⌚ -A ruda usábase para curar algúns problemas na vista.
- ⌚ -As xarxas eran utilizadas para as dores do estómago.

### LENDAS E CRENZAS

#### O PAXARO DA MORTE

O paxaro da morte sóese dicir que é o corvo, que é unha especie de ave negra, anque tamén se lle chama o raro, moucho, cabra,... Destes paxaros dise que anuncian a morte dalgunha persoa. Dos corvos dise que se andan a cantar unha banda deles sobre unha zona, algúen de por alí vai morrer. Disto hai unha anécdota que ocorreu hai moitos anos.

Meu avó tiña un tío que vivía só e un día miña avoa estando nun campo ( O Lughar ) próximo á súa casa, díolle:

Mi tío vénfame a axudar a coller isto.  
El foi e estando ali había unha banda de corvos, empezaron a cantar e el dixo:  
-Ou ventades chuvia ou morte, ¿a quen iredes buscar?  
E uns días despois miña avoa mirou que o tío tiña o pan na porta e non o collera, foi avisar á sogra e entraron por unha ventá e o tío estaba morto na cama. Déralle algo de repente.

#### O ACOMPAÑAMENTO

Do acompañamento, ou máis coñecido como a Santa Compañía, dise que é un grupo de espíritos mortos que van portando un ataúde, e diante ía un espírito dunha persoa viva, ían citar unha persoa e o espírito desta persoa ía dentro do ataúde.

Soíase dicir este refrán: "Desde las nove hasta las diez deja la noche para quien es".

Se se andaba de noite por aí había que ir cos puños cerrados ou no peto, porque o espírito da persoa viva que ía diante do acompañamiento levaba unha vela e podíachá meter nas mans a ti e logho tiñas que andar ti por aí coa vela, e o outro salvábase.

Se pasabas por eles tiñas que pensar ben ou rezar porque se ías pensando malas cousas, podíanche peghar unha malleira ou pegharche unha e mandarte lonxe. Tiñas que deixarlle camiño, ti ir por unha esquina ou senón facer un círculo de Salomón (de cinco puntas) e meterte dentro, así pasaban por ti e non che facían nada.

Nohemí Romero Sanandrés

Celia Díaz Nogueiras

Nunha illa por habitar

Criado en sombras oufanas  
O abrente de esperanzas  
Vou pisando novas follas.  
Descoidadas as lembranzas  
Quedan pasenijo en rezos  
Sen a anxelical presencia  
Dos sempre dispostos beizos  
Navegantes por inercia  
Soa e de soidade espida  
Agárdasme agochada  
Por onde as tardes nadan  
O pasares da miña man.

Roibéns de nácaras tornas  
Espallando a beleza  
De tan envexadas formas  
Moldeadas con certeza;  
Tímida así, voltas nacer  
Decote pola eternais.  
No meu peto de pracer  
Azul da vida cotiá  
O corazón triste amence  
En gustoso agarimo  
Deste tempo de quererte.  
Nío no deserto que vence  
Nun momento esquecido  
Os días de volver terte.  
Saber que poderei verte  
Verte no meu esquezo.  
A miña alma aférrase  
A noite enche o baleiro.

José Manuel Cerqueira Groba ,  
4º ESA

### O AMOR

Dis que o amor  
É un sentimento espontáneo,  
pero cando realmente estás namorada  
sénteste como se flotases  
no aire cheo de ledicia.  
Sénteste como se afundises  
Nun lago de paixón.  
Sénteste coma se che  
Acelerara o corazón o  
Ver a persoa que amas.  
Cando realmente estás  
namorado non crees  
que o amor é un  
sentimento espontáneo  
senón que é un sentimento  
bonito, tenro e marabilloso  
o amor sempre foi un  
sentimento que nace  
no máis profundo do corazón  
daqueles que saben amar.

Almudena 2ºB

Deixando á marxe o lado sentimental ou afectivo da vida, darémonos de conta que todo o demais é manipulado dunha forma directa pola man dun dos personaxes más polémicos e conflictivos de toda a historia e non é outro que o “noso amigo” Don Diñeiro. Detente a pensar que aspectos da túa vida cotiá están relacionados con ese personaxe, verás que todo está condicionado, sometido á soberanía de noso “amigo”. Este é o noso seguro de vida ou case se lle pode denominar así, a nosa triste existencia baséase en prepararte nun principio para conseguir un posto digno de traballo que á súa vez proporcionanos unha nómina, un diñeiro, o noso fin, o final é acadado, adquirimos diñeiro, xa podemos vivir “tranquilos”. Eu penso que “o noso amigo” é o culpable directo de tódalas penurias que padece o mundo de hoxe, a contaminación é un exemplo. ¡A contaminación!. Si, si por que cres que se segue cometendo hoxe en día, pois porque hai moito fillo.....que prefire botar merda ó río, é un exemplo en vez de tratar de recicllala ¿por que? Pois porque cuesta pasta; que si o transporte, que se isto, que se o outro, e non sei cantas cousas máis.

-¡Hei! Mira que esa cheminea bota gases nocivos á atmosfera, ¿por que non lle colocas un filtro?  
-Porque cuesta pasta.

E así vai o mundo, “o noso amigo” fai diferencias sociais, eu son de clase media porque Don Diñeiro o di e tí es pobre polo mesmo e tí rico pola cantidad de “amiguiños” que tes. Fai á xente matar, pódela facer mentir, a pode preocupar, tolear, esnaquizar moralmente, é implacable, é maligno, para un crente pódese denominar como o Satanás de hoxe, o Rei do material, mais como xa dixen, temos uns sentimientos, uns pensamentos, uns soños ós que non se pode chegar e estes son os que fan a unha persoa ser o que é, ainda que a vida exterior, o social, non lle sexan favorables. “Don Diñeiro” non lle pode quitar eso, non pode manipular un sentimento, un pensamento ou un soño a menos que a persoa queira e isto só o pode decidir esta. “Don Diñeiro” pode ser moi tentador e moita xente réndese ós seus encantos, pódelle ofrecer poder, luxo, tranquilidade, mais tamén che pode botar a un pozo e esquecerse de ti. Así funcionan as cousas, se queres ser algo xa podes ir recompilando “amigos” e cantos más mellor porque eles che dirán en función do seu diñeiro que podes ou non facer porque tí e más eu, como todo o mundo, somos o teatrínho de monicreques que montou o noso “amigo”, o noso XEFE, Don Diñeiro.

CIANO. 1º Bach.CC.SS.

## ¿PARA QUEN UNHA REVISTA ESCOLAR?

No noso instituto hai xa anos que elaboramos a revista. Inicialmente denominábbase “O ghran batacaso” e xa apartir do ano 2000 pasou a chamarse ÓRBITA. As profesoras que estamos detrás deste proxecto agradecemos toda a colaboración prestada pero cremos tamén que a revista é por e para vós, quer dicir, gustaríamos contar cun equipo de redacción composto por alumnos e alumnas, que a maquetación a fixerades vós, que buscarades vós os temas que máis vos interesen e falar deles...Non é por non traballar nós, senón porque estamos seguras de que pode ser máis interesante e entreida, ou o que é o mesmo, que mole máis. Esperámosvos pois en outubro de 2002 para continuar co proxecto.

## NA REDE

Lembrade que a páxina web do noso instituto ten un novo enderezo e que nela podedes obter moita información sobre o instituto ou sobre educación, e tamén ler Órbita.

<http://edu.xunta.es/centros/iesribeiradolouro> ou <http://www.iesribeiradolouro.es.vg>

## FE DE ERROS

No número anterior de Órbita, por un fallo técnico, María Pires García non asinaba a súa colaboración en balonmán. ¡Cousas do ordenata!

ATA O VINDEIRO CURSO E FELICES VACACIÓNSEN